

BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2017-2018

Estimado Director:

O Ministerio de Educación ven de asignar á USC **82** Bolsas de Colaboración para o curso 2017-2018, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Para asignar as ditas prazas a USC abre un prazo para que os **Departamentosⁱ, Institutos e Centros Singulares** comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición debe ser enviada por correo electrónico á dirección csocial@usc.es, **cumprimentando o formulario que se achega**, que deberá ser asinado en enviado en formato pdf, antes das 14 horas do día 23 de xuño de 2017.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Presentación de Solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **14 horas do día 23 de xuño de 2017**.

ASIGNACIÓN DAS BOLSAS

A asignación de bolsas realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- 1.-Elaborarse unha unha listaxe ordenada dos departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes atendo aos criterios de ordenación que aprobe o Consello Social
- 2.-Asignarse unha bolsa a cada un dos Departamento/Instituto de Investigación/Centro Singular que previamente o solicite.
- 3.-No caso de que houbera **menos** bolsas que departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes, remataría a listaxe no último



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos
de I+D
Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: citinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

departamento/Instituto de Investigación/Centro Singular que coincida co número de bolsas asignadas á USC polo Ministerio.

3- No suposto de que houbera **mais** bolsas que departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes asignárase unha segunda bolsa ata completar o número de bolsas asignadas polo Ministerio.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2017
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación
